

INFORME DE ACTIVIDADE NO CIAC.

ABRIL 2013 - FEBREIRO 2013

Breve resumo introdutorio

Este documento é un informe que pretende resumir a actividade realizada no Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (CIAC) entre o 15 de marzo de 2013 e o 31 de febreiro de 2014.

Durante este primeiro ano de traballo ao redor da interpretación e a educación ambiental, no CIAC realizáronse numerosas actividades: visitas á exposición permante, obradoiros, roteiros ou actividades adaptadas. Tamén se colaborou con entidades sociais da cidade de diferente índole e traballouse con público diverso, adulto e infantil.

Foi un ano moi intenso, con actividade permanente no centro, no que, ademais de ofertar quixemos recibir a opinión de quen foi pasando por alí.

Fóiselle dando forma ás actividades incluídas na proposta de Faladoiros e ás que se incluíron no bloque do Miradoiro, tal como aparece no proxecto entregado ao Concello de Santiago de Compostela. Resumimos toda esta actividade a continuación:

Principais actuacións vencelladas ao Plan de difusión e comunicación

- Creación do *facebook* do CIAC: www.facebook.com/CIACBelvis
- Realización de nota de prensa e **rolda de prensa inicial** (22 de abril de 2013) e entrevistas en varios medios de comunicación:



*Repercusión na prensa:

- o Programa "Santiago TV" emitido o martes 30 de abril de 2013.
- o Recorte de "La Voz de Galicia" do martes 23 de abril de 2013



- o Noticieiro Galego de 23 de abril de 2013
- o Radio Televisión de Galicia (02/05/2013): <http://www.crtvg.es/informativos/reabre-o-centro-de-interpretacion-ambiental-de-belvis-579058>

- Realización dunha rolda de prensa para informar das actividades do novo curso (4 de setembro de 2013). Enlace da noticia na web do concello:

http://www.santiagodecompostela.org/hoxe/nova.php?lg=cas&id_nova=10203



- No mes de xaneiro de 2014 decidiuse emitir unha folla informativa coas actividades organizadas polo CIAC no primeiro trimestre deste novo ano, para organizar así unha **programación de actividades do CIAC de carácter trimestral**:

Actividades no CIAC_xaneiro - marzo 2014

26 xaneiro. 17 a 18 horas
Introducción á compostaxe doméstica

15 febreiro. 17 - 19 horas
Videoforum:
«Stop, rodando o cambio»

22 marzo
Encontro de horta urbana

Último sábado de cada mes (12-13.30 horas)
Roteiro temático.

Información e inscricións en:
facebook.com/CIACBelvis
www.ciac-compostela.org
981543145
ciac@santiagodecompostela.org

Ademais disto, cada mes e con cada unha das actividades que se realizan no CIAC, seguiuuse o seguinte protocolo:

- Envío de mails a todas as asociacións con sede en Compostela.
- Envío de mails a todas as persoas que así o solicitaron en diferentes visitas ao centro.
- Creación dun evento na web do CIAC.
- Creación dun evento no *facebook* do CIAC.
- Envío por carta de información, cando así o requiriu a actividade (con centros escolares ou asociacións veciñais).
- Envío de nota de prensa mensual co resumo de actividades a realizar durante ese mes.

Principais actuacións vencelladas aos Faladoiros de Ecoloxía Urbana

1_Actividades puntuais

Destacamos algunhas das actividades de carácter puntual que se realizaron no CIAC ao longo destes meses.

1.1 Xornada de portas abertas para a cidadanía

Data: 27 de abril Asistentes: 120 persoas

O 27 de abril abríronse as portas do CIAC e realizouse unha xornada con numerosas actividades (charlas e obradoiros), realizáronse visitas guiadas á exposición permanente do centro, convidáronse a diferentes asociacións e entidades e realizouse un contacontos ambiental. Ese día pasaron polo centro máis de 100 persoas.

A continuación colocamos algunhas das imaxes das actividades realizadas nesa xornada:



Obradoiros infantís realizados.





01 PLUGA 02 CINCION 03 CERCOC 04 CERCOC 05 COMERCIO 06 VEREIRA CERCOC 07 PIZCO DUTRUCO CERCOC

CIAC
Centro de Interpretación
Ambiental de Compostela

XORNADA DE PORTAS ABERTAS
SÁBADO 27 DE ABRIL A PARTIR DAS 16.30 HORAS
Obradoiros, xogos tradicionais, visitas guiadas, charla sobre a Pegada Ecolóxica ...
ven a coñecer o CIAC!!



estamos aquí

CONCELLO DE SANTIAGO
Concello de Santiago de Compostela

MÁS INFORMACIÓN:
Teléfono: 981.243.143
Fax: 981.243.146
Correo: cic@xantagolgo.com@xantagolgo.com
Web: www.cic.compostela.org



Cartaz elaborado para publicitar as Xornadas de Portas Abertas e imaxe do contacontos ambiental.



Imaxes do sorteo dunha cesta de produtos ecolóxicos.

1.2 Curso de horticultura urbana

Data: 5 de maio Asistentes: 18 persoas (24 inscricións)

O CIAC realizou o 5 de maio coa colaboración da Asociación Galega de Horticultura Urbana , (<http://hortaurbana.blogspot.com.es/>), asistiron 18 persoas.

Con este curso instalouse un bancal no que se plantaron aromáticas e que está visible ás persoas que visitan o CIAC e a quen pasea polo parque de Belvís.



1.3 Curso de agricultura ecolóxica

Data: 26 de maio Asistentes: 14 persoas (22 inscricións)

A finais de mes, o día 26 de maio, o CIAC organizou un segundo curso, esta vez sobre Agricultura Ecolóxica.

Con este curso, ademais da parte teórica, fíxose unha segunda de carácter práctico e comezouse a traballar dentro das instalacións con catro bancais hortícolas nos que facer rotacións de cultivo e usalo como horta de referencia para máis actividades de educación ambiental que se poidan realizar no centro.



1.4 Obradoiros medioambientais na Romería Pop.

Data: 15 xuño

Asistentes: 7

O 15 de xuño, o CIAC participou con obradoiros ambientais na Romería Pop que se celebrou no Parque de Belvís cun obradoiro de espantallos e xogos de biodiversidade.



1.5 Contacontos ambiental dentro das festas do barrio de San Pedro

Data: 22 xuño

Asistentes: 34

O CIAC participou nas festas do barrio de San Pedro, coordinándose coa Comisión de Organización das Festas do Barrio.

Nesta ocasión realizouse un Contacontos Infantil de carácter ambiental coa participación do contacontos Anxo Moure.





Diversos momentos do contacontos



Esta actividade tivo bastante repercusión:

http://fbps.info/ai1ec_event/anxo-moure-no-ciac-contacontos/?instance_id=

ROTEIRO POLO BARRIO
Sábado 29 ás 17:00h na Praza 8 de Marzo
A cargo de Compostela Cifroad, autarxas:
— Somos un equipo de xente nova e innovadora, con formación superior en Historia e Historia da Arte, ademais doutras disciplinas.
— Somos veciñas e veciños do Compostela, vivimos e traballamos nesta cidade... e encantámonos!
— Preocupámonos e máis entón: crenza, nun futuro diferente, máis comprometido e baseado na sustentabilidade e o respecto ás persoas, á cultura e á forma de vida propia de cada lugar. Intentamos aplicar estes principios á nosa oferta.
— Non somos unha empresa ao uso, senón unha cooperativa: traballamos por e para nós mesmos e compartimos gastos, beneficios, esforzos e coñecementos. Somos ao mesmo tempo xefes e empregados, e polo tanto, formamos moi en serio o noso proxecto.

ANXO MOURE no CIAC
Contacontos
Domingo 30 ás 12:30h no CIAC en Balvís
Anxo Moure vive en Garaballa, unha pequena aldea á beira das montañas da Serra do Faro, e non mois lonxe do río Miño. Enriba dun castiñeiro e un carballo, na Casa das Arbores. Esta casita é un lugar de lecer, onde escoitar os contos que viven nas arbores. Un lugar para coñecer o Galego Zouqero, tresno Galeiro, que anda na procura da música das arbores e a quen vos poderdes axudar. Un contacontos moi particular.
O Centro Interpretación Ambiental de Compostela (CIAC) está localizado no Parque de Balvís no edificio dun antigo curadoro. O CIAC quere ser un espazo aberto á participación ambiental da cidadanía, e conta con recursos didácticos e actividades que axuden a comprender mellor a relación entre a cidade e o seu medio ambiente. Búscanos no facebook—CIACBelvis e na nosa web: www.ciac-compostela.org.
Agardámmoste!

GRUPO DE GAITAS E BAILE A XUNTANZA
Música Tradicional
Domingo 30 ás 12:00 no Cruceiro de San Pedro
Levan 10 anos con nós, bailando e tocando cada Domingo das festas. É o grupo orado a partir dos cursos que se imparten no local da Xuntanza «Xuntanza» é unha Asociación Veciñal interesada na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas do barrio. Queremos contribuir á solución dos problemas e tamén das carencias que hai tanto a nivel de equipamentos e infraestruturas dotacionais como no ámbito de convivencial, a saúde, a cultura, o tráfico e o lecer.

QUARTETO DA GENTALHA DO PICHTEL
Música Tradicional
Domingo 30 ás 11:00h Pasarelas
A Gentalha do Pichel é un canto social Compostelán, formado por unhas persoas decididas a fomentar o sistema cultural na nosa cidade e comarca. A lingua e cultura son as bases do noso proxecto.

TREBOEIRO DE MUIENTA
Música Tradicional

1.6 Obradoiro de lectura de etiquetas.

Data: 28 de setembro Asistentes: 3

Resumo da actividade: Presentación do CIAC. Análise en grupo da información das etiquetas e envases de produtos reais (claridade, orixe, ingredientes, estética..) e posta en común. Coloquio sobre a transparencia na etiquetaxe, orixe dos produtos, prezo, saúde... Análise das alternativas. Avaliación e peche.

Obradoiros no CIAC_2013/2014

**Sabes o que comes?
o que esconden as etiquetas**

Obradoiro de lectura de etiquetas

Dunha forma participativa analizaremos que hai detrás dos produtos que comemos todos os días

Sábado 28 de setembro 17:30 - 18:30

Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (Parque de Belvís)

Información e inscricións en:

facebook.com/CIACBelvis
www.ciac-compostela.org
981543145
ciac@santiagodecompostela.org

CONCELLO DE SANTIAGO

1.7 Obradoiro de Xabón

Data: 27 de outubro

Asistentes: 20

Resumo da actividade: presentación do CIAC, presentación do obradoiro, realización da receita de elaboración do xabón, explicación sobre a importancia da minimización de residuos e da súa perigosidade, recollida de enderezos das persoas interesadas en recibir información sobre o CIAC e recollida de propostas de temáticas para novos obradoiros, convite a novas actividades, breve avaliación oral e despedida.



1.8 Magosto

Data: 16 novembro

Asistentes: 62 persoas

Asáronse castañas e os máis pequenos puideron realizar dous murais sobre a cidade de Santiago. O ambiente foi moi agradable e familiar. Moitas persoas aproveitaron para ver o a exposición permanente.



1.9 Obradoiro de adornos Nadal e consumo

Data: 14 decembro

Asistentes: 2 persoas

Presentación do CIAC. Realización de adornos de nadal a partires de material de refugallo. Mentres se conversa sobre hábitos de consumo no nadal que son especialmente perxudiciais para o medio ambiente (lagostinos, produtos de lonxe, enerxía, xoguetes...) e as alternativas que podemos atopar.



1.10 Obradoiro de compostaxe doméstica

Data: 27 xaneiro Asistentes: 19 persoas

Presentación do CIAC. A través dunha presentación realizamos unha actividade de iniciación á compostaxe de carácter práctica. Falamos tamén de redución de residuos e do modelo de xestión de residuos galego.



*



*Futuras actividades

Dentro deste primeiro trimestre de 2014 realizaranse dúas actividades máis de carácter puntual:

15 de febreiro: Videoforum: proxección do documental de carácter ambiental "Stop, rodando o cambio" e posterior debate.

22 de marzo: Encontro de Horta Urbana. Realizarase un pequeno encontro que quere servir como espazo de reflexión e intercambio de coñecemento, dúbidas e experiencias de todas aquelas persoas que realizan horta urbana na cidade e daquelas outras interesadas.

2_Actividades Contínuas

2.1 Visitas guiadas e/ou adaptadas de carácter concertado ao CIAC: resumimos os grupos informais que visitaron o CIAC durante este ano:

1. Centro Cultural de Conxo (Santiago de Compostela)
5 participantes e 1 educadora
2. Visita de ASPANAES. (Asociación de pais e nais de persoas con trastorno de espectro autista (T.E.A.) da provincia da Coruña)
9 participantes e 1 educadora
Realizouse unha visita guiada adaptada.
3. Visita do Centro Sociocultural de Vite: campamento de verán
19 participantes e 4 monitoras.

4. Visita de ASPANAES. (Asociación de pais e nais de persoas con trastorno de espectro autista (T.E.A.) da provincia da Coruña)

9 participantes e 3 educadoras



5. Visita de Aspanaes Asociación de pais de persoas con trastorno de espectro autista (T.E.A.) da provincia da Coruña.

7 participantes e 3 educadoras

6. Campamento urbano de Nadal de Cáritas de San Roque

11 participantes e 9 educadoras

7. Visita do Centro Profesional de San Paio de Montes. Curso do plan AFD, "Interpretación e educación ambiental"

14 participantes e 1 profesora.

8. Visita do Centro Profesional de San Paio de Montes. Curso do plan AFD, "Interpretación e educación ambiental)

16 participantes e 1 profesora.

9. - Visita de Aspanaes - Asociación de pais de persoas con trastorno de espectro autista (T.E.A.) da provincia da Coruña-

7 participantes e 3 educadoras

2.2 Roteiro polo Parque de Belvís mes de outubro

Data: 26 de outubro

Nº de participantes: 24

Este día comezouse coa campaña de roteiros, celbrando o primeiro polo parque de Belvís.

A partir deste mes celébrase un roteiro todos os últimos sábados de cada mes.

2.3 Roteiro polo Parque de Belvís mes de novembro

Data: 30 de novembro

Nº de participantes: 8 (aínda que había 22 persoas inscritas)



2.4 Roteiro polo Parque de Belvís mes de decembro

Data: 28 de decembro

Suspendeuse por temporal.

2.5 Roteiro polo Parque de Belvís mes de xaneiro

Data: 25 de xaneiro

Suspendeuse por temporal.

2.6 Deseño e creación da horta ecolóxica do CIAC

Preparación dos bancais da parte oeste, perfilado dos corredores, sementado e plantado, rego. Mantemento durante todo o ano. Uso como recurso educativo.

3_Actividades específicas realizadas con Centros Educativos

3.1 Xornada de portas abertas para os centros escolares

- O 29 de abril organizouse unha xornada para amosar o centro e os seus recursos ao profesorado de Santiago de Compostela. Asistiron 9 profesoras en total e fíxose un primeiro contacto con todos os centros educativos do concello.



3.2 Centros escolares que visitaron o CIAC durante o curso 2012-2013:

1. Centro de Educación Secundaria Andaina Sociedade Cooperativa (A Coruña)
25 alumnas/os e 2 profesoras/es.
2. CEIP López Ferreiro (Santiago de Compostela)
55 alumnas/os e 4 profesoras/es.
3. - IES Xelmirez (Santiago de Compostela)
25 alumnas/os e 2 profesoras/es.

3.3 Xornada de portas abertas para os centros escolares curso 2013-2014

O 1 de outubro celebrouse unha segunda xornada de portas abertas para profesorado dirixida ao curso 2013-2014. Fíxose un esforzo especial cos institutos, facendo chamadas para que os departamentos de ciencias destes centros coñezan o CIAC. A sistiron 14 profesores e profesoras abarcando dende primaria a bacharelato. Mostráronse as instalacións e informouse das características das actividades programadas para cada nivel educativo.



3.4 Centros escolares que visitaron o CIAC durante o curso 2013-2014:

1. Colexio San Jorge

Visita 1: 28 alumnas/os e 3 profesoras/es.

Visita 2: 25 alumnas/os e 2 profesoras/es.

Visita 3: 26 alumnas/os e 1 profesoras/es.

2. Colexio San Pelayo

Visita 1: 35 alumnas/os e 6 profesoras/es.

Visita 2: 27 alumnas/os e 1 profesoras/es.

Visita 3: 28 alumnas/os e 2 profesoras/es.

Visita 4: 26 alumnas/os e 1 profesoras/es.

Visita 5: 28 alumnas/os e 2 profesoras/es.

3. CEIP de Ventín

25 alumnas/os e 1 profesoras/es.

4. Colexio Divino Maestro

53 alumnas/os e 2 profesoras/es.



Principais actuacións vencelladas aos Miradoiros de Ecoloxía Urbana.

1_ Investigación para o fomento da participación social no CIAC

1.1 Comunicación con entidades sociais do Concello

Por unha banda fíxose a recompilación e clasificación dos contactos das asociacións de Santiago de Compostela (ONGs, asociación veciñais, ecoloxistas e naturalistas, de muller, xuventude, etc...)

Con esta información preparouse:

- **Enquisa para enviar ás diferentes entidades da cidade** co obxectivo de coñecer a súa opinión sobre o CIAC e a demanda de actividades de Educación Ambiental que teñen.

- **Entrevista con asociacións de carácter ambiental.** Co mesmo obxectivo cas enquisas, estas entrevistas pretenden profundar con aquelas entidades máis achegadas ao eido ambiental.

* Ambas as dúas cuestións están pendentes de revisión pola Concellería e estímase que se poidan realizar durante os meses de marzo e abril de 2014.

1.2 Colaboracións con outras entidades

Durante todo este período de tempo foise colaborando, de xeito máis ou menos activo, con diferentes entidades e grupos sociais da cidade. Así, como resumo destacamos os seguintes acontecementos:

1. Xornadas sobre Consumo e Xénero. En colaboración con diferentes organizacións locais.

Data: 29 de abril e 13 de maio. Asistentes 14 persoas.



2. Debate sobre Cambio Climático: en colaboración con alumnado da facultade de Ciencias da Educación da USC.

Data: 3 de maio Asistentes: 15 persoas.



3. Asemblea Xeral de Panxea.
Data: 2 de xuño Asistentes: 30

4. Asemblea Asociación Andaime:
Data: 21 de xuño Asistentes: 6

5. Asemblea Asociación Verdegaiá:
Data: 22 de xuño Asistentes: 7

6. Relatorio sobre cooperación ao desenvolvemento (Enxeñería sen Fronteiras)

Data: 13 de xullo Asistentes: 4

7. Encontro de voluntarias e voluntarios da Cruz Vermella.

Data: 3 de agosto Asistentes: 26 persoas

8. Encontro da Comisión de Festas do Barrio de San Pedro.

Data: 27 de setembro Asistentes: 39 persoas

9. Xornada de promoción da compra pública responsable de alimentos (Sindicato Labrego Galego e Veterinarios sen Fronteiras-Xustiza Alimentaria Global –VSF)

Data: 8 de novembro Asistentes: 52 persoas



10. Encontro de áreas de traballo de Verdegaiá

Data: 30 de novembro Asistentes: 15 persoas

11. Obradoiro sobre Ecofeminismo.Verdegaia.

Data: 12 de decembro Asistentes: 18 persoas

12. Encontro do grupo de consumo Eirado

Data: 10 de xaneiro Asistentes: 9 persoas

13. Encontro Galego de Educación Ambiental (Grupo de Investigación SEPA da facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) e Federación Ecoloxista Galega (FEG)).

Data: 25 de xaneiro Asistentes: 74 persoas

http://www.sgea.org/destacados/programaencontro_2014.pdf



2_ Investigación para o fomento da participación do turismo no CIAC

O 3 de xuño realizamos unha primeira **xuntanza con INCOLSA** nas instalacións da Oficina de Turismo, coa súa directora xerente, Maruxa Ledo. Asistiu tamén Fernando Mújico, coordinador da Oficina de Turismo de Santiago e coa xefa de promoción Flavia Ramil.

O día 10 de xuño **pasou polo CIAC un representante Asociación Profesional de Guías Turísticas de Galicia**, xunto con Fernando Mújico Flavia Ramil, para coñecer as instalacións e os recursos do centro.

As conclusións destes encontros resumíronse nun informe específico. En calquera caso para o segundo ano de actividade do centro, preténdese manter o contacto con INCOLSA e coa Asociación Profesional de guías turísticas de Galicia para poder realizar actividades conxuntamente e que poidan ter o CIAC como centro de recursos ambientais á súa disposición para visitas de turismo das que estas persoas se encarguen.

3_ Avaliación e revisión do programa de actividades

Avaliación posterior a cada actividade

Redacción de novas propostas de actividades, adaptada ás conclusións das avaliacións.

As avaliacións de carácter informal que se realizaron con diferentes persoas e entidades que pasaron polo CIAC nesta etapa coinciden en destacar como **aspectos negativos** a escasa sinalización que dificulta atopar o centro, así como a súa localización fóra dos circuitos habituais da cidade. Tamén se comentaron cuestións relacionadas co pouco coñecemento que ten a cidadanía da existencia do CIAC (a meirande parte das persoas que asistiron ás actividades ou que fixeron visitas espontáneas era a primeira vez que acudían ao CIAC). Destaca tamén como aspecto negativa a mala iluminación do parque, especialmente desta zona, cando chega a noite.

A **principal demanda**: actividades, cursos e obradoiros para todos os públicos.

En canto aos **aspectos positivos**: as instalacións e o tipo de actividades ofertadas.

Para solventar os aspectos negativos preparouse un documento que se entregou á Concellería para realizar melloras no edificio e mellorar a sinalización e iluminación.

En canto a mellorar os procesos de comunicación e a oferta de actividades decidiuse traballar cun novo formato no que se prepararán programacións de carácter trimestral. A primeira é a presentada neste documento para o primeiro trimestre de 2014.

4_ Coordinación de exposicións temporais:

Este ano estiveron presentes, de maneira temporal, as seguintes exposicións:

- **Consumo Responsable**: cedida por Panxea (asociación de comercio xusto).
- “ **A Pegada Ecolóxica en Galicia**”, cedida pola Sociedade Galega de Educación Ambiental (SGEA) e pola Federación Ecoloxista Galega (FEG)

OUTRAS TAREFAS

1_ Seguimento alumnas en prácticas

Traballo de seguimento de coordinación con dúas alumnas en prácticas da facultade bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela:

A primeira delas foi **Iria Barreiro Sampedro**, alumna en prácticas do último curso de Bioloxía (entre marzo e xuño de 2013):

- Elaboración de actividades didácticas: xincana pola exposición.
- Colaboración nas diferentes actividades organizadas polo CIAC entre os meses de abril e maio, especialmente, na Xornada de Portas Abertas coa Cidadanía.
- Cesión de material microbiolóxico para traballar durante as visitas guiadas.

A segunda persoa foi **María Losada Cuquexo** (xaneiro e febreiro de 2014), que realizou as seguintes actividades:

- Visitas guiadas polo centro,
- Roteiros polo parque de Belvís,
- Participación nas actividades propias do centro: obradoiros, cursos e charlas, tanto apoiando e acompañando na súa realización como revisando ou propoñendo melloras das mesmas;
- Colaboración na preparación do Encontro de Horta Urbana a celebrar o 22 de marzo de 2014.
- Deseño dun roteiro temático relacionado coa biodiversidade, utilizando como espazo de referencia as Brañas de Sar.

2_Instalacións e mantemento do centro


- Coidado da charca de anfibios e proposta de mellora e conservación.
- Revisión do estado do material e solicitude de melloras nas instalacións, unha vez aceptadas, seguimento das obras que comezaron en xaneiro de 2014.
- Limpezas puntuais.
- Seguimento e solicitude de arranxo do sistema de calefacción do centro.

Resumo do impacto do traballo nas redes sociais:

Para proxectar o traballo e actividades do CIAC desde as redes sociais, púxose en marcha un *facebook* no que ir amosando e espallando toda a información xerada desde o centro. As principais repercusións son:

- **Nº de persoas que premeron “gústame” no *facebook* do CIAC desde abril de 2013: 194,** maioritariamente mulleres entre 25 e 34 anos.
- A continuación incluimos un gráfico que resume o impacto do CIAC nas redes sociais desde a súa apertura. Incluimos clics para ler información, “*me gusta*”, clics para compartir información, visitas á páxina de *facebook* e comentarios.

Gráfica 1



* Os meses de abril-maio e xullo teñen en conta as visitas á páxina de *facebook* e os clics en "*me gusta*".
Os meses de xuño e agosto só teñen en conta os clics en "*me gusta*".
Os meses de setembro a xaneiro suman: as visitas á páxina de *facebook*, os clics en "*me gusta*", as persoas que compartiron información e aquelas que engadiron comentarios.

Pódese apreciar que desde o mes de setembro, no que houbo un grande interese, que coincide, igual ca no mes de abril e maio, coa maior presenza do CIAC nos medios de comunicación.


Por outra banda, a media de visitas mensuais a partir de setembro no Facebook, mantense ao redor das 1.800 visitas, o que é un alto alcance.

Toda a información que se foi colgando no *facebook* tamén se incorporou á sección de *eventos* da páxina web do CIAC.

Resumo das visitas presenciais ao CIAC:

O número total de persoas que pasaron polo CIAC desde a súa apertura no mes de abril de 2013 e ata o 31 de xaneiro de 2014 é de 1592 persoas. A continuación resúmese a distribución mensual destas visitas:


Gráfica 2



Estas persoas acoden ao centro por diferentes motivos. As distintas actividades celebradas, tanto de tipo continuo (roteiros ou visitas guiadas), como actividades de carácter puntual (obradoiros, actividades varias, etc), tiveron, en xeral, unha moi boa acollida, a pesar das dificultades de localización do centro.

A continuación incluímos unha gráfica que resume a distribución das visitas ao CIAC mensualmente por tipoloxía de actividade.


Gráfica 3



A actividade que máis impacto presencial tivo foi a Xornada de Portas Abertas que se celebrou como inauguración desta nova etapa do CIAC.

Con todo mantense unha media de visitas mensual de 177 persoas.

Gráfica 4



Se vemos a gráfica anterior podemos apreciar que as visitas dos 7 centros escolares son as que máis persoas achegaron ata o CIAC.

En segundo lugar aparece o interese propio do centro xa que se recibiron 351 visitas espontáneas. Estas visitas son moi irregulares e pódese ver na evolución da gráfica 3. A conclusión á que se pode chegar é que depende de dous factores principais: o climatolóxico (nos meses de outono e inverno diminúen notablemente) e a saída do CIAC nos medios de comunicación, xa que cando máis visitas espontáneas recibiu o centro foi cando máis impacto tivo nos medios.

Destaca o número de persoas que se achegan ao CIAC atraídas polo programa de actividades do centro, xa se comentou que a actividade de máis éxito foi a **Xornada de Portas Abertas**, aínda que tiveron tamén moita repercusión algún dos **obradoiros celebrados como o de xabazón ou o de compostaxe** e algunha actividade coma o **magosto**.

As actividades celebradas por outras entidades no centro son moi numerosas e atraeron tamén a máis de 300 persoas ata o CIAC, destacando a celebración, en xaneiro de 2014, do **Encontro Galego de Educación Ambiental**.